

O Proxecto SEREA: un achegamento sustentable á reestruturación socio-económica na pesca de baixura e no marisqueo

The SEREA project: a sustainable approach to social and economic restructuring in coastal fishing and shellfishing

Lucía Fraga Lago. Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR (Galicia-España)

Resumo

Dende 2006 a fins de 2008 desenvolveuse o proxecto SEREA Actividades complementarias da pesca e do marisqueo, que reuniu a Organizacións pesqueiras, Administracións, Universidades e Centros de Innovación e Divulgación de tres rexións pesqueiras de Europa: Galicia, Bretaña e Cerdeña. O obxectivo principal foi impulsar a creación dun modelo de reestruturación socioeconómica e laboral no sector pesqueiro de baixura, dende unha filosofía de promoción da participación social na xestión do cambio.

Abstract

From 2006 to the end of 2008, the SEREA project, Fishing and Shellfishing Supplementary Activities, brought together fishing organizations, public administrations, universities and innovation and dissemination centers from three fishing regions in Europe: Galicia, Brittany and Sardinia. The main goal was to promote the creation of a social, economic and labor restructuring model in the coastal fishing sector, based on the philosophy of promoting social participation in the management of change.

Palabras chave

Reestruturación socioeconómica; desenvolvemento sustentable; pesca de baixura; marisqueo; diversificación.

Key-words

Social and economic restructuring; sustainable development; coastal fishing; shellfishing; diversification.

A importancia das comunidades pesqueiras de baixura no desenvolvemento sustentable do medio mariño

Hoxe en día a pesca é un recurso en declive, mentres aumenta a demanda de produtos mariños tanto para consumo humano coma agrícola e industrial. Os usos do medio mariño aumentan, creando competencias entre actividades de explotación de recursos, enerxía, recreo... De xeito que cada día resulta máis urxente acadar un modelo que permita o desenvolvemento sustentable do litoral.

O papel das comunidades pesqueiras de baixura pode resultar moi importante: a súa pesca está destinada ao consumo humano e mantén altos estándares de calidade; trátase dunha explotación local, que polo tanto contribúe en maior medida ao mantemento do medio ambiente; empregan a un maior número de persoas que as explotacións industriais e transmiten un importante legado cultural, parte do noso patrimonio marítimo.

Non obstante, se está a producir un claro descenso no relevo xeracional destas comunidades, que se ven ameazadas polas subas nos custes de explotación, por outras actividades máis lucrativas, e dun xeito máis subxectivo –pero non menos importante – polo deterioro da imaxe social do sector.



Foto 1: Explotación das bateas de mexillón en Cambados (Pontevedra-España)

As novas actividades presentes no litoral – en particular o turismo e o sector de servizos – compiten polo uso do espazo e son máis atractivas para as novas xeracións. Sen embargo, unha correcta xestión destas novas actividades podería fortalecer a estas comunidades mellorando o seu rendemento a través de actividades complementarias á pesca. As actividades turísticas, ademais, permiten presentar á sociedade os aspectos máis positivos do traballo no mar, mellorando a autoestima da comunidade pesqueira. O eixo IV do Fondo Europeo da Pesca impulsa a creación de actividades complementarias nas pequenas comunidades pesqueiras... Pero se enfrenta cun baleiro legal na maioría dos Estados da Comunidade Europea, xa que nementres Italia ten reguladas as

actividades turísticas desenvolvidas polo sector pesqueiro.

Neste contexto formulamos un proxecto que busca facilitar a cultura do cambio dentro do sector da pesca de baixura e o marisqueo, fomentando o desenvolvemento sostible acompañado de actividades complementarias á pesca extractiva, e seguindo unha filosofía participativa.

O proxecto SEREA: Actividades complementarias da pesca e do marisqueo

A idea do proxecto SEREA tomou forma a finais de 2005, cando un equipo de técnicos do sector observaba como as subas no prezo do gasóleo diminuían a rentabilidade da actividade, sumándose a sobreexplotación de cada vez máis recursos e a un descenso do relevo xeracional.

Fronte a esta situación, xurde a necesidade de buscar sistemas que faciliten unha progresiva reestruturación do sector, fomentando a adaptación ás condicións actuais. Propúxose a actuación conxunta de Organizacións pesqueiras, Administracións e Entidades de investigación, divulgación ambiental e desenvolvemento tecnolóxico. Creouse un grupo de traballo de catorce Entidades e un proxecto de dous anos de actividade que permitise realizar

unha diagnose da situación, e propostas de actuacións co obxectivo de garantir a sustentabilidade da pesca de baixura e o marisqueo. A proposta foi seleccionada polo Fondo Social Europeo para ser cofinanciada dende novembro de 2006 a outubro de 2008.

O proxecto formula unha fase inicial de diagnose así como a difusión final a nivel europeo, especialmente nas rexións participantes: Galicia, Bretaña, Cerdeña e Letonia. As medidas de intervención no sector se realizarán principalmente en Galicia,

Solicitante
Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR
Socios nacionais
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos Universidade de Santiago de Compostela Universidade de Coruña Universidade de Vigo CEIDA Federación Galega de Confrarías de Pescadores Confraría de Pescadores de Cedeira Confraría de Pescadores de Lira Confraría de Pescadores de San Antonio
Socios transnacionais
Coopérative Audierne Port (Francia) CO.PE.GA. (Italia) The National Board of Fisheries of Latvia (Letonia) The Latvian Fishermen Federation (Letonia)
Cofinanciación
Fondo Social Europeo. Artigo 6 "Enfoques Innovadores na Xestión do Cambio". Trátase dunha "medida innovadora" no ámbito da "Xestión da reestruturación"

Cadro 1: Membros do grupo de traballo do Proxecto SEREA

contando coa participación de organizacións transnacionais a través dunha rede de xestión do coñecemento.

En 2008, o proxecto foi seleccionado para ser presentado no *Restructuring Forum*¹ organizado polo Fondo Social Europeo, e posteriormente para realizar unha publicación de estudo de caso².

FASE 1: A preparación do cambio

A fase de diagnose e preparación tivo dous grandes bloques de actividades:

- 1 A creación dun **observatorio estratéxico** do sector pesqueiro tradicional, que serviu tanto coma instrumento de comunicación externa cara aos beneficiarios finais, coma de comunicación interna entre os socios do proxecto. A plataforma www.serea.org incorporou progresivamente os resultados de todas as actividades do proxecto, en particular:

1 Restructurations, vers de nouvelles frontières? Innovations du Programme Article 6 du Fonds Social Européen; Paris – 27 e 28 de novembro de 2008. Sede da Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE).

2 Ambas seleccións realizadas por avaliadores externos do FSE; en cada caso se escollen uns 9 proxectos entre os 43 proxectos de restructuración financiados polo artigo 6 do FSE entre 2004 e 2006.



Foto 2: Barco tradicional a vela de Cerdeña (Italia)

- **Análise de boas prácticas.** Logramos contar coa colaboración de 33 organizacións de España, Francia, Portugal e Italia, na aportación de boas prácticas. As entidades participantes pertencen a diferentes ámbitos: Organizacións pesqueiras, Administracións públicas e Organizacións ambientalistas. Os resultados fan referencia á relación entre actividades pesqueiras e sustentabilidade, proxectos de investigación relacionados co pescaturismo e situación actual de innovacións tecnolóxicas aplicadas ao sector pesqueiro.
- **Diagnose socioeconómica e laboral no sector pesqueiro:** pesca extractiva de baixura e marisqueo. Realizouse unha descrición dos principais indicadores cuantitativos e cualitativos, socioeconómicos e empresariais do sector da pesca tradicional nas zonas pesqueiras de Galicia, Bretaña e Cerdeña. Baseado en 408 enquisas a responsables de pesca de baixura e marisqueo e nos datos de capturas e prezos dende 2001. A partir dos estudos individuais por zonas,

estableceuse unha comparativa entre os resultados acadados que deu lugar a un conxunto de conclusións sobre os factores que favorecen ou, pola contra, afectan ás actividades obxecto de estudo. Servíu de base para a elaboración da previsión de evolución do sector.

- **Enquisa de opinión** sobre aceptación do proceso de cambio. Realizouse unha sondaxe sobre a actitude cara a integración de novas actividades económicas complementarias á actividade pesqueira e o marisqueo, realizado sobre unha mostra de portos de toda a xeografía costeira galega. Baseado en 307 enquisas a responsables da pesca de baixura e o marisqueo e nas conclusións dun grupo de contraste constituído por expertos no sector.
- **Guía de recursos de pescaturismo.** Selección de material relativo ás actividades de pescaturismo, *ittiturismo* ou turismo mariñeiro, que comprende desde Comunicacions da Comisión Europea, actas de foros relacionados coa pesca e artigos científicos sobre o sector, que serven de apoio á posta en marcha de devanditas actividades.
- **Análise da percepción** do sector pesqueiro de baixura das principais problemáticas da súa actividade, malas prácticas e causas de descenso de recursos pesqueiros, así como outras fontes de insostenibilidade pesqueira;

disposición do sector ante as posibles innovacións e proposta de melloras e iniciativas orientadas á sostenibilidade da actividade. Baseado no análise de 53 entrevistas a pescadores e persoal técnico de Galicia.

2. Paralelamente ao desenvolvemento dos estudos do observatorio, leváronse a cabo **actividades** que permitiran experimentar máis directamente as iniciativas innovadoras das comunidades pesqueiras das rexións participantes. Neste senso, realizouse unha serie de seminarios, e visitas técnicas:
 - **Intercambios transnacionais** para a vivencia de experiencias exitosas en relación ao sector pesqueiro. O proxecto tiña coma obxectivo inicial a realización de tres encontros transnacionais de persoas traballadoras e organizacións relacionadas co sector pesqueiro e marisqueiro das distintas rexións participantes. O éxito acadado pola primeira serie de visitas técnicas levou á repetición da experiencia durante o segundo ano de execución, con tres novos intercambios en Galicia, Cerdeña e Bretaña.
 - **Seminarios de sensibilización e orientación** cara ao cambio. Realizáronse catro seminarios cun enfoque moi aplicado: partindo dunha presentación teórica da temática de traballo, continuábase coa exposición de experiencias prácticas e finalizábase cun obradoiro no que

os participantes debatían sobre un caso hipotético.

- *Buscando solucións: Evolución do sector pesqueiro*. CETMAR, Vigo, 24 de abril de 2007.
- *Responsabilidade Social Empresarial*. CEIDA, Castelo de Santa Cruz, Oleiros, 18 de xuño de 2007.
- *Boas Prácticas para a pesca sostible: Reservas Mariñas de interese pesqueiro, comercialización...* Confraría de Cedeira, 18 de xullo de 2007.
- *Pescaturismo, ititurismo e turismo mariñeiro*. Porto Abrigo, Sardeña. 5 de setembro de 2007.



Foto 6: Extracción de ameixa: técnica de marisqueo a flote en Cambados (Pontevedra-España)



Foto 4: Barco de pesca na Cerdeña (Italia)

FASE 2: Intervención

A segunda fase do proxecto tivo por obxectivo elaborar unha estratexia de actuación nas comunidades pesqueiras de Galicia nun horizonte de tres anos. Formuláronse actividades no eido do asesoramento e da formación, complementadas con actividades de difusión e de mellora da imaxe do sector.

1. **Comité de asesoramento para a pesca de baixura e marisqueo**. Creouse unha estrutura para orientar a integración de actividades complementarias dentro do sector pesqueiro. Todos os socios do proxecto están representados neste Comité, no que se crearon as seguintes Comisións:

- Comisión de Pesca Sostible
- Comisión de Recursos Humanos
- Comisión de Diversificación

Cada comisión presentou un documento de visión no que se formularon as principais cuestións para debater nas xuntanzas, ás que foron invitados expertos externos ao proxecto. Os documentos de conclusións permitiron orientar o resto de actividades nesta fase.

2. En febreiro de 2008 creouse nas Confrarías de Cambados, Cedeira e Lira un **servizo de asesoramento** para as persoas traballadoras e empresarias

do sector. O seu obxectivo foi proporcionar unha orientación para a recolocación e recualificación profesional de profesionais que o soliciten, e aumentar así as súas competencias e nivel de empregabilidade. A clave diferenciadora destes servizos, foi que empregaron como asesores a persoas procedentes das comunidades pesqueiras. Para iso foi preciso determinar primeiro o perfil profesional que debían reunir, e deseñar un itinerario formativo que mellorase as capacidades dos candidatos ao posto: lexislación pesqueira, laboral e fiscal; análise de perfís profesionais, detección de necesidades de formación, elaboración de itinerarios formativos e plans de formación; xestión de subvencións e axudas; recursos en materia de actividades económicas complementarias á pesca e o marisqueo.

Organizouse un curso formativo en cada localidade, e procedeuse á selección dos asesores entre os participantes na formación. Durante a duración do proxecto, estes servizos atenderon a máis de 500 persoas. En Cedeira mantívose o servizo posteriormente, coa financiación do Fondo Europeo da Pesca.

3. **Plan de formación complementaria.** Levouse a cabo unha detección das necesidades formativas nas comunidades pesqueiras; en particular das



Foto 5: A extracción do camarón como exemplo de pesca extractiva de baixura e marisqueo en Ferrol (A Coruña-España)

relacionadas coa realización de actividades complementarias da pesca e do marisqueo. Deseñouse o mapa de cursos correspondente que permitirá ofertar esta formación de xeito adaptado ás necesidades actuais. Organizáronse grupos de formación actitudinal nos que se impartiron técnicas de negociación, toma de decisións, resolución de conflitos, traballo en equipo, comunicación eficaz e escoita activa. O obxectivo desta capacitación é que as persoas impulsoras do cambio poidan transmitir ao resto a necesidade de evolución. Realizáronse catro cursos presenciais e formáronse 29 persoas, incluíndo aos técnicos participantes no proxecto.

4. Realizouse unha **diagnose do nivel de alfabetización dixital no sector**. Cada nivel de coñecemento foi acompañado dunha proposta formativa. Nunha segunda fase elaborouse unha aplicación multimedia para a formación das persoas cun nivel de alfabetización dixital considerado como baixo, e a proba

piloto de validación da ferramenta, cun total de 40 persoas formadas. Esta ferramenta multimedia de alfabetización dixital incluíuse na *Aula Virtual Móbil* para a formación permanente do sector pesqueiro xestionada polo *Centro de Formación Aixola*.

- O proxecto buscou dar unha resposta á situación de deterioro da imaxe da profesión, que se considera unha das causas que están a diminuír o **relevoxeracional** no sector. Deseñouse unha campaña de comunicación para salientar os aspectos máis positivos do traballo no mar, coa intención de amosar á sociedade que a pesca de baixura e o marisqueo son profesións atractivas, dignas e con futuro. Ademais, tentouse fortalecer a imaxe dos profesionais da pesca de baixura reafirmando a súa importancia dentro da sociedade como *xestores do patrimonio mariño*. Deste xeito, tratamos de impulsar o relevoxeracional mellorando a identificación e implicación dos xoves e a sociedade co sector pesqueiro. Así, no marco desta campaña realizárase un spot publicitario de 20 segundos de duración que se emitiu en radio e televisión, e nas xornadas de difusión dos resultados do proxecto. O anuncio se rodou en Cedeira, e participaron como figurantes 16 persoas voluntarias da vila e comarca, vencellados á pesca de baixura e ao marisqueo.

Aspectos máis salientables do proxecto e factores de éxito

Posiblemente o aspecto máis salientable do proxecto SEREA foi o achegamento á reestruturación dende a óptica da sustentabilidade, sen perder de vista que a sustentabilidade debe implicar á economía, ao medio ambiente e aos aspectos sociais. Xa que a actuación vai dirixida ao sector primario e a unha actividade local, a idea da necesidade de preservar o medio – e polo tanto os recursos – está máis integrada que noutros sectores ou na pesca de altura. A necesidade dunha aproximación social e participativa aos procesos de cambio resultou máis innovadora neste contexto. O proceso acompañouse coa búsqueda de referencias de outras accións innovadoras na busca de sustentabilidade noutras rexións e noutros sectores de actividade.

Unha das innovacións clave foi a *metodoloxía de formación*: o proxecto centrouse nunha formación práctica, que non sempre seguiu o esquema formal dos cursos ao uso. Así por exemplo, durante os seminarios sobre sensibilización e orientación cara ao cambio limitamos o número de presentacións técnicas e organizamos talleres onde os participantes, distribuídos en pequenos grupos, tiñan que resolver un problema teórico relacionado co sector e



Foto 6: Socios e socias na Conferencia final

o tema do seminario; finalizábase cunha sesión de posta en común. O último seminario -centrado no turismo mariñeiro ou *pescaturismo*- tivo lugar nun barco de pesca adaptado para usos didácticos. Os participantes foron invitados a preparar a cea -coma se fosen os anfitrións dos turistas- para mellorar o achegamento transrexional e vivir unha verdadeira experiencia cun grupo organizador de turismo mariñeiro. A actividade finalizou coa participación nunha xornada de pescaturismo, á que foi invitada unha Asociación para a integración das persoas con minusvalías, para aumentar a sensibilización sobre a importancia da accesibilidade para todos e a necesidade de realizar adaptacións nos barcos.

Neste mesmo sentido funcionaron moi ben os intercambios transnacionais, que consistiron nunha serie de visitas técnicas relacionadas co sector pesqueiro nas rexións de actividade do proxecto. A actividade foi moi útil para reforzar a implicación dos participantes e beneficiarios no proxecto. O contacto directo entre socios e benefi-

ciarios das diferentes rexións mellorou significativamente o seu achegamento, reducindo as barreiras na comunicación. Creáronse tamén novas agrupacións para participar en eventos, desenvolvemento de novos proxectos, intercambios de información...

Leccións aprendidas

Aínda que as comunidades de pesca de baixura defínense xeralmente como un sector tradicional e conservador, cando toman conciencia da utilidade da innovación son moi receptivos aos cambios. O interese aumenta cando as experiencias exitosas e as boas prácticas son transmitidas directamente dende outras comunidades pesqueiras (frente á transmisión a través de persoal técnico da administración ou de investigación).

O intercambio de experiencias entre comunidades pesqueiras das rexións participantes no proxecto fortaleceu a implicación; neste sentido foi salientable a facilidade para romper as barreiras lingüísticas na comunicación para tratar aspectos técnicos da pesca.

Outro aspecto positivo do proxecto consistiu no traballo conxunto de entidades de moi diversa natureza: a análise dunha situación dende puntos de vista tan diversos enriqueceu o conxunto de actividades emprendidas.